



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Dirección Estratéxica e Política Empresarial I		Código	611G02025
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación	Calvo Babío, Nuria Begoña	Correo electrónico	nuria.calvob@udc.es	
Profesorado	Barros Campello, Esther Alicia	Correo electrónico	esther.barros@udc.es	
	Calvo Babío, Nuria Begoña		nuria.calvob@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A dirección estratéxica, para ser eficaz, exige entender os factores últimos responsables do rendemento da empresa e ser capaces de identificar os cambios (internos e externos) que poden afectar ó desempeño futuro da empresa. Neste curso, exponse ó alumno unha ampla variedade de marcos e metodoloxías da dirección estratéxica moderna co fin de axudarlle a desenrolar as habilidades necesarias para afrontar con éxito a responsabilidade do desenrolo estratéxico dunha empresa ou de unha unidade de negocio dentro dunha empresa. Exploraranse unha ampla gama de problemas estratéxicos, centrándose en particular nas fontes de ventaxa competitiva e a interacción entre a estrutura da industria e os recursos e capacidades da empresa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
A2	Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A10	Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.



B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenrolar e fortalecer no alumno unha perspectiva de dirección xeral.	A1 A2 A5 A6	B1 B3	
Comprender os conceptos fundamentais en dirección estratéxica: estratexia, planificación estratéxica, dirección estratéxica, a relación entre estratexia e organización, análise da competencia, e análise estratéxico da empresa e da industria.	A4 A6	B2 B7	C5 C6
Comprender e diferenciar os diferentes niveis da estratexia empresarial: corporativo, competitivo e funcional.	A4 A6	B3	
Desenvolver unha conciencia dos efectos dinámicos das accións estratéxicas da empresa e dos seus rivais na estratexia competitiva e na estratexia corporativa da empresa.	A4 A5 A6	B3	C5 C7
Conocer as ferramentas de análise estratéxico e as perspectivas teóricas e metodolóxicas dispoñibles.	A8 A9 A11	B5 B6	
Integrar o coñecemento adquirido en cursos anteriores nun marco conceptual útil a nivel de dirección xeral e aplicado a novos proxectos empresariais.	A2 A4 A5	B4 B5 B8	C5
Desenvolver hábitos de pensamento analítico ordenado e capacidade de síntesis, e desenvolvemento de habilidades na presentación de conclusións de forma eficaz e convincente tanto en forma escrita como oral acerca dos problemas estratéxicos dunha empresa.	A3 A6 A8 A9 A10 A11	B6 B10	C1
Iniciar a aprendizaxe do traballo en equipo, aprendendo a dialogar (no estudio de casos) e tomar acordos (para a elaboración do traballo tutelado).	A1 A4 A5 A11	B8 B10	C1 C4 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
I. INTRODUCCIÓN Á DIRECCIÓN ESTRATÉXICA E POLÍTICAS DE EMPRESA	1. Marco conceptual básico de dirección estratéxica. 2. Perspectivas de dirección estratéxica.
II. MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO	3. O proxecto emprendedor 4. A lóxica estratéxica da empresa.



III. ESTRATEXIA DE NEGOCIO OU ESTRATEXIA COMPETITIVA	5. Concepto de unidade de negocio 6. Compoñente organizativo 7. Procesos de negocio 8. Estratexia de unidade de negocio como puzzle situacional. Enfoque directivo
IV. ESTRATEXIA CORPORATIVA	9. Modelos de crecemento empresarial 10. Estratexias de internacionalización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A6 A8 A9 B3 B5 B6 B10 C4 C8	17	34	51
Estudo de casos	A1 A4 A5 A10 A11 B2 B7 B8 C1 C5 C6	10	30	40
Presentación oral	A2 A4	3	3	6
Traballos tutelados	A4 A5 A6 B1 B4 C6 C7	12	36	48
Proba de resposta breve	A8 A11 B5 B7 B8 C6	1	0	1
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición nas clases presenciais dos contidos teóricos e prácticos da asignatura orientando ó alumno tanto na metodoloxía de traballo máis apropiada para a preparación do contido da exposición como o material bibliográfico aconsellado.</p> <p>O tempo adicado a cada un dos capítulos en que está dividida a materia será proporcional á súa extensión e o grado de dificultade para a súa preparación.</p> <p>Para a preparación dos contidos de menor dificultade de comprensión orientarase ó alumno sobre as fontes concretas máis apropiadas e sobre os aspectos máis relevantes para alcanzar os resultados da aprendizaxe establecidos para a asignatura.</p>
Estudo de casos	<p>O profesor plantexará a análise de diferentes empresas reais enmarcando cada unha delas nos apartados correspondentes dos contidos da asignatura.</p> <p>Por medio de cada un dos casos, os estudantes e o profesor involucranse no proceso de análise e discusión profundos acerca das circunstancias a que se enfrenta cada unha das empresas analizadas.</p> <p>O desenvolvemento dos estudos de casos servirá de referencia para a elaboración do traballo tutelado de carácter obrigatorio.</p>
Presentación oral	<p>O alumno intervirá de forma activa nas sesións presenciais especialmente nas de carácter interactivo.</p> <p>Igualmente, na sesión maxistral o alumno pode intervir, previa petición da palabra, para preguntar, aclarar ou expoñer o seu punto de vista sobre o tema que no momento da súa intervención se esteña tratando.</p> <p>O traballo tutelado ha de ser defendido oralmente por todos os compoñentes do grupo responsable da súa elaboración.</p>
Traballos tutelados	<p>No traballo tutelado, os alumnos utilizarán o método do caso para analizar unha realidade empresarial desde o enfoque da dirección estratéxica baseada en competencias.</p>



Proba de resposta breve	Consiste nun exame no que se combinarán as preguntas de contido con análise de caso Realizarase o día, hora e aula que figure no calendario oficial de exames fixado pola Xunta de Facultade.
-------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Presentación oral Sesión maxistral Traballos tutelados	<p>Nas sesións maxistrais, o profesor atenderá a cada unha das cuestións planteadas polos alumnos durante o desenvolvemento das mesmas referentes ó tema que no momento da súa intervención se esteña tratando. Se as cuestións plantexadas requiren respostas máis amplias propoñeráse ó alumno que as volva a plantexar nas sesións de tutorías.</p> <p>Nos horarios de tutoría o alumno será atendido para aclarar aquelas dúbidas que lle surxan para a preparación da materia. Sin citar á persoa que realizou a consulta, esta pode ser publicada en Moodle, xunto coa súa resposta, coa finalidade de que outros alumnos poidan sacar proveito da mesma. Todo elo se o profesor considera oportuna e de interese xeral a consulta plantexada.</p> <p>Nas análises de casos, o alumno deberá intervir para preguntar, aclarar ou expoñer o seu punto de vista sobre algún aspecto dos tratados no caso.</p> <p>Nos traballos tutelados atenderáse de forma personalizada a cada un dos grupos de traballo orientándoos no plantexamento do proxecto, fomentando a discusión constructiva entre os compoñentes do grupo e corrixindo aqueles aspectos do traballo que a xuício do profesor así o requiran.</p> <p>O seguemento de cada un dos traballos contribuirá a poder valorar de forma máis precisa o esforzo realizado por cada un dos compoñentes do grupo de traballo.</p> <p>Adicionalmente, cada grupo se dividirá en dous subgrupos e se realizarán catro horas de tutoría para cada subgrupo, nun aula a determinar polo centro, que serán repartidas o longo do período de clases en función da planificación docente.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A4 A5 A10 A11 B2 B7 B8 C1 C5 C6	20% da nota final	20
Presentación oral	A2 A4	A valoración da presentación oral será un factor a incorporar na valoración final do traballo tutelado	0
Proba de resposta breve	A8 A11 B5 B7 B8 C6	Proba de resposta breve: 40% da nota final (4 sobre 10)(Esixese un mínimo de 2)	40
Sesión maxistral	A3 A6 A8 A9 B3 B5 B6 B10 C4 C8	10% da nota final (1 sobre 10). Valorarase a asistencia activa ás sesións	10
Traballos tutelados	A4 A5 A6 B1 B4 C6 C7	30% da nota final	30

Observacións avaliación



O criterio para valorar a convocatoria adiantada de decembro será do 40% para o exame final e o resto, o 60%, corresponderá á avaliación continua. Os criterios de avaliación serán os mesmos para a primeira e a segunda oportunidade.

O comportamento fraudulento en calquera dos apartados sometidos a valoración suporá a calificación de cero puntos na avaliación final. De acordo coa normativa vixente considerarase que un alumno estará sometido ó proceso de avaliación continua si se integra nun grupo responsable da realización de un dos traballos tutelados presentado. En caso de someterse ó proceso de avaliación continua e non presentarse ó exame final figurará como suspenso na acta correspondiente.

Está expresamente prohibido ter acceso durante as probas presenciais a teléfonos móbiles e calesqueira outros dispositivos capaces de comunicación a distancia e/ou de almacenamento de información.

A non observancia desta norma supón que se considere como realizada fraudulentamente a proba. El alumno terá que acreditar a súa identidade de acordó á normativa vixente.

Para calqueira outra cuestión non expresamente detallada nesta guía estarase ó disposto na normativa vixente aplicable a cada caso que se plantee.

Fontes de información

Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA: Sánchez, R. and Heene, A. (2004). The New Strategy Management. Organization, Competition, and Competence , John Wiley&Sons, Inc., New York.Bueno Campos, E.; Morcillo Ortega, P. y Salmador Sánchez, M. P. (2006). Dirección estratégica. Nuevas perspectivas teóricas. Pirámide FUENTES DE CASOS DE ESTUDIO Bukreev, A. & Dewalt, G.W. (1997). Everest 1996. Crónica de un desastre imposible.DesnivelKraakauer, J. (1997). Mal de altura. DesnivelThe Case Journal (accesible desde la biblioteca), <a case_studies.htm?articleid='17068615"' href="http://kmelot.biblioteca.udc.es/search*gag/m?SEARCH=case+journal&sortdropdown=-&searchscope=1&submit=EnviarEmerald Emerging Markets Case Studies (accesible desde la biblioteca), http://www.emeraldinsight.com/case_studies.htm?articleid=17068615 http://91.121.77.230/e_casos/cast/pages/estudios/estudios.asp
Bibliografía complementaria	BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA: Besanko, D., Dranove, D., and Shanley, M. (2000): Economics of Strategy , John Wiley&Sons, Inc., New York.Cátedra Nebrija-BBVA en formación de emprendedores. El arte de emprender . Servicio de publicaciones de la Universidad Antonio de NebrijaCollis, D.J., and Montgomery, C.A. (1997): Corporate Strategy. Resources and the Scope of the Firm, Irwin, McGraw-Hill, United States of America.Gil Estallo, M.A. Cómo crear y hacer funcionar una empresa . Conceptos e instrumentos. ESICGómez Gras, J. M.; Fuentes Fuentes, M.; Batista Canino, R. M. y Hernández Mogollón, R. (2012). Manual de casos sobre creación de empresas en España. Mc Graw Hill.Grant, R. M. (2006, 5ª Ed.). Dirección estratégica. Conceptos, técnicas y aplicaciones. Thompson Civitas.Guerras Martín, L. A. y Navas López, E. (2007, 4º Ed.): Dirección estratégica de la empresa. Teoría y aplicaciones . Thomson-Civitas, Madrid.Hill, C. W. L., y Jones, G. R. (2004, 6º ed.): Administración Estratégica. Un enfoque integrado , McGraw-Hill, México.Mateo Dueñas, R. y Sagarra Porta, Ramón (2004). Creación de empresas. Teoría y Práctica. Mc Graw HillPorter, M.E. (2009): Estrategia Competitiva , Editorial Pirámide, Madrid.Porter, M.E. (2010): Ventaja Competitiva: creación y sostenibilidad de un rendimiento superior , Editorial Pirámide, Madrid.Ventura, J. (2008): Análisis Estratégico de la Empresa , Paraninfo, Madrid.Independientemente de las referencias anteriores el profesor puede en cualquier momento a lo largo del curso recomendar otras referencias que por su actualidad e interés puedan ayudar al alumno en su preparación de la asignatura.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

Introdución ao Marketing/611G02015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Análise Económico das Organizacións/611G02023

Investigación de Mercados/611G02024

Contabilidade Directiva/611G02032

Materias que continúan o temario

Dirección Estratéxica e Política Empresarial II/611G02033

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías